

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 11 DE NOVEMBRO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

1571/05.- Urbanizadora o Monte.- Ampliación de licenza concedida, de construción de edificio para 16 viv. nas parcelas 2RA e 2RB do proxecto de reparcelación de Penamaría B.-

1654/07.- José Luís Mera Caldelas e Outra.- Legalización de vivenda unifamiliar executada na R/ Cemiteira, A Susana, Marrozos.-

633/08.- Santiago Sur, S.L.- Legaliz. de modificacións executadas na edificación sita na parcela "E" do SUP-4 de Conxo.-

789/08.- Isabel Botana Gómez.- Viv. unifamiliar en Vilasuso.-

1672/08.- Luís F. Rosón Ferreiro.- Viv. unif. en Fondóns, Fondo de Riba, s/n, Rial-Laraño.-

764/2008.- Corticela, S.L.- Derruba edificación existente na Rúa da Torreira núm.30.-

291/08.- M^a del Carmen Otero Iglesias.- Viv. unif. no Lugar de Bando de Arriba núm.29.-

1775/08.- Empresa de Transformación Agraria, S.A (TRAGSA).- Obras de supresión de escaleira interior e cambio de tabiquería na oficina da nave industrial sita en Vía Pasteur num.29-31.-

DENEGADAS.-

788/08.- M^a Jesús Pérez Alvite.- Obras de reforma dunha vivenda na R/ Ruela de Conxo núm.1.-

1362/08.- José Antonio Rodríguez López.- Viv. unif. en Vilamaior núm.23, Labacolla.-

PARCELACIONES.-

2159/08.- Roberto Fagundez Argote e D. José Ramón Valiño Barrio.- Parcelas en sitio de Morosa, Sarela (-).-

PROPOSTA DE SUSPENSIÓN DE LICENZA.-

696/08.- Predios Gallegos, S.L.- 10 viv. unif. encostadas na Unidade U2 do Polígono A do SUNP-6 de San Lázaro.-

CORRECCIÓN ERRO ACORDO X.G.L. DE DATA 30 DE SETEMBRO DE 2008.-

430/08.- Carmen Salvado Barral.- Viv. unif. na R/ Coto dos Olmos s/n.-

APERTURAS.-

Lap/15/08.- Comarca 54 S.C.- Apertura restaurante en Rúa San Clemente núm.11-baixo.-

Lap/395/06.- José Luís Gómez Pereira.- Apertura de nave adicada á fabricación, venda e manipulación de artigos de madeira, así como garaxes e oficina da empresa en Polígono Boisaca, parcela B7 do SUNP-34.-

4.- Aprobacións dos aboamentos en concepto de aportacións para 2008 a diversas entidades.

Apróbase o achegamento de 33.600 euros para a Mancomunidade da Comarca; 35.000 euros para Uninova; 42.250 para a Asociación de Desenvolvemento Rural Sar-Ulla

5.- Adxudicación provisional de vestiario para uniformidade do persoal da Policía Local.

Adxudícase provisionalmente o subministro de referencia segundo os seguintes lotes:

Lote 1: El Corte Inglés, 45.371,10 euros.

Lote 2: Peycar, 28.273,80 euros

Lote 3: El Corte Ingles, 31.819,18 euros

Lote4: Peycar, 15.408,20 euros.

6.- Adxudicación definitiva das obras de renovación da cuberta do pavillón polideportivo VITE I.

Elévase a definitiva a adxudicación do contrato á empresa MONTEBALSA, SA, por importe de 92.800 euros e un prazo de execución de dous meses.

7.- Adxudicación definitiva do contrato administrativo especial para a conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela.

Elévase a definitiva a adxudicación do contrato á empresa FUNERARIA TANATORIO APÓSTOL SANTIAGO, SL, por importe de 117.937 euros.

8.- Adxudicación provisional do subministro e instalación de elementos de xogo infantís no entorno do Centro Sociocultural e grupo escolar Doutor Antonio Maceira de LARAÑO.

Adxudícase provisionalmente o subministro de referencia á empresa CONTENUR, SL, por importe de 25.605 euros (máis 16% IVE)

9.- Adxudicación das obras de instalación de alumeado público nas rúas Escultor Asorey, Enfesta, Travesa dos Basquiños, Teo e Arzúa.

Apróbase o proxecto redactado polo enxeñeiro municipal así como a adxudicación dos traballos de referencia á empresa DAVIÑA, SL, por importe de 20.970,17 euros (máis 16% IVE)

10.- Revisión de prezos do contrato de explotación do servizo de AXUDA NO FOGAR no municipio de Santiago de Compostela.

Revísase o prezo de adxudicación do contrato de referencia que queda fixado nas seguintes cantidades:

- 13,21 euros/hora, para os servizos prestados en xornada laboral de luns a sábado.
- 14,16 euros/hora, para os servizos prestados en xornadas de domingo ou festivos.

Gasto máximo: 400.000 euros.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión da exención no IBI a unha Fundación.

Concédense a exención do IBI á Fundación María Esperanza Rubido Romero.

12.-a 36.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto do lixo.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

37.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación do programa "I CONCURSO CATÁLOGO DE PROMOCIÓN COMERCIAL DE COMPOSTELA".

Apróbase o programa, as bases e un orzamento de 20.000 euros.

38.- Proposta do concelleiro delegado de Sanidade relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Federación de bebidas espirituosas (FEBE).

Apróbase a sinatura do convenio para o desenvolvemento de accións encamiñadas a previr o consumo de bebidas alcólicas en colectivos de risco, fomentar a responsabilidade no consumo de bebidas alcólicas, protexer ao consumidor e controlar a fraude e sobre a autorregulación da publicidade.

39.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a COFRADÍA DA VERACRUZ para o desenvolvemento de actividades da Semana Santa.

Apróbase o convenio polo que o Concello achega á Cofradía da Veracruz a cantidade de 1.418,90 euros.

40.- Diversas propostas do concelleiro delegado de Mercados relativas a cesións e trasposos de casetas da Praza de Abastos.

Apróbase a cesión de 4 casetas.

41.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa ao cumprimento do R.D. 1544/2007, para acadar que un 5% das licenzas de autotaxi sexan accesibles.

Apróbase a planificación para acadar o obxectivo de dispor dun 5%, ou fracción, de licenzas de autotaxi adaptado nos seguintes termos:

ANO - Nº LICENZAS TAXI ACCESIBLE

2009 3

2011 1

2013 1

2015 1

2017 2

42.- Convenio entre o Concello e INCOLSA sobre o Plano de promoción turística 2008.

Apróbase o convenio por importe de 150.000 euros.

43.- Convenio entre o Concello e INCOLSA sobre gastos de funcionamento para 2008.

Apróbase o convenio por importe de 921.000 euros.

44.- Dar conta da concesión ao Concello de sete proxeccións de películas no programa NOITES DE CINE 2008.

Dáse conta da concesión por parte da Deputación Provincial da Coruña ao Concello de 7 películas dentro do programa Noites de Cine 2008.

45.- Dar conta da concesión ao Concello de subvencións a proxectos ou accións de investigación-acción para o esforzo global anti-VIH/ sida en Galicia 2008.

Dáse conta da concensión dunha subvención por parte da Consellería de Sanidade á UMAD por importe de 6.625 euros para a realización de prevención do VIH/SIDA.

46.- Dar conta da concesión ao Concello de subvencións para a contratación de traballadores desempregados.

Dáse conta da concesión de subvencións por parte da Consellería de Traballo para a contratación de 5 traballadores para o servizo de Parques e Xardíns da Concellería de Medio Ambiente por importe 51.403,92 euros.

47.- Dar conta do convenio asinado coa Deputación da Coruña para o financiamento do COMPOSTELA FESTIVAL 2008.

Dáse conta do convenio polo que a Deputación achega 360.000 euros.

48.- Dar conta do convenio entre o Concello e a Asociación de bulimia e anorexia de Galicia (ABAGAL).

Dáse conta da sinatura do convenio entre o Concello e a Asociación de Bulimia e Anorexia de Galicia (ABAGAL), por importe de 2.200 euros.

URXENCIAS

- 1.- Apróbanse as bases do II Premio Internacional “Compostela” de álbums ilustrados.
- 2.- Apróbase o nomeamento dun funcionario interino para a praza de enxeñeiro técnico no servizo de licenzas e disciplina urbanística.
- 3.- Solicítase unha subvención de 66.143,59 euros á Consellería de Traballo para os custos correspondentes á traballadora social e auxiliar administrativo da Unidade Técnica de Muller.
- 4.- Adxudícanse provisionalmente as obras de rehabilitación da rede de saneamento na rúa Ricardo Carvalho Calero á empresa AQUAGEST, SA, por importe de 160.825,90 euros (máis 16% IVE).
7. Adxudícase provisionalmente o servizo de redacción do proxecto construtivo da obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á cidade (Rosalía de Castro desde Romero Donallo-Santa Marta- Choupana-Volta do Castro) á empresa COTECNO, SA, por importe de 71.900 euros (máis 16% IVE) e un prazo de execución de dous meses e medio.
8. Adxudícase provisionalmente o arrendamento de equipos de iluminación pública para a súa instalación nas rúas e prazas do casco histórico e do ensanche durante as festas de nadal 2008. O primeiro lote adxudícase á empresa BLACHERE ILUMINACIÓN ESPAÑA, SA, por importe de 49.800 euros (máis 16% IVE), e o segundo á empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL, por importe de 43.000 euros (máis 16% IVE).
9. Adxudícase provisionalmente o servizo de redacción do proxecto construtivo, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á cidade (avenida de Castelao) á empresa PROYFE, SL, por importe de 119.716 euros (máis 16% IVE) e un prazo de execución de dous meses.
10. Adxudícase provisionalmente o servizo de redacción do proxecto construtivo da obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á cidade (Rúa Galeras-rúa das Salvadas-rúa Vista Alegre ata o cruce con avenida de Castelao) á empresa OFICINA DE PLANEAMENTO, SA, por importe de 93.000 euros (máis 16% IVE) e un prazo de execución de oito semanas.
11. Adxudícase provisionalmente o servizo de redacción do proxecto construtivo da obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á cidade. (Vista Alegre desde avenida de Castelao-Avío-Torreira ata a Ponte do Romáño) á empresa LKS INGENIERÍA S. COOP., por importe de 48.741 euros (máis 16% IVE) e un prazo de execución de tres meses.
12. Adxudícase provisionalmente o servizo de redacción do proxecto construtivo, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á

cidade (fonte dos Concheiros-rúa das Fontiñas-rúa do Valiño) á empresa COTECNO, SA, por un importe de 77.540 euros (máis 16% IVE) e un prazo de execución de dous meses e medio.

13.- Dáse conformidade á inclusión da obra de reforzo de firme na vía pública M-28-V (Mourentán) no POS Adicional 2/2008 da Deputación da Coruña, cuzo orzamento ascende a 107.132,23 euros.